



CONCELLO DE VIGO  
ALCALDÍA

Expediente nº 60/142

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tendo en conta os preceptivos informes sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2018 e o disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Tendo en conta tamén, que o incumprimento ten causa na indemnización imputada ao Orzamento do ano 2018, da resolución do contrato ditada no auto do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra con sede en Vigo, no que se declara extinguido o contrato de concesión de obra pública do Pazo de Congressos de Beiramar, adxudicado o 6 de marzo de 2006 pola Xunta de Goberno Local, téndose constituída a mercantil Pazo de Congressos, SA, en escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo. A imputación do gasto e pago ao Orzamento do ano 2018 por unha contía de 35.214.920,04 euros.

Tendo en conta a Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda a quen lle corresponde dirixir a planificación económico-financeira.

### DISPOÑO

PRIMEIRO.- En cumprimento do previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, corresponde elaborar un Plan que cumpra os requisitos previstos na devandita Lei.

SEGUNDO.- A proposta de aprobación remitirase ao Pleno da Corporación, previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

TERCEIRO.- Unha vez aprobado o mesmo, remítase ao Ministerio de Facenda pola plataforma habilitada ao efecto e á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para a súa aprobación, por ter a competencia para o exercicio da tutela financeira outorgada pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Galicia.

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O ALCALDE: ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

